



VIGO, PONTEVEDRA E OURENSE CELEBRARON OS ACTOS DE RECEPCIÓN

## 463 ESTUDANTES ESTRANXEIROS



INVESTIGACIÓN

**VIGO ACOLLEU A REUNIÓN DE LANZAMENTO DE SAFEWAY**

PÁX. 4

DEPORTES

**ARRANCA AUGAVENTURA CON OITO PROPOSTAS**

PÁX. 8

DUVI VIGO/OURENSE

Os datos provisionais de alumnado estranxeiro que vai cursar parte dos seus estudos na Universidade de Vigo certifican o atractivo crecente dos tres campus entre o alumnado internacional. E é que se en setembro do ano pasado a institución académica viguesa daba a benvida a 384 estudantes, no inicio do curso 2018/2019 son xa 462, aos que deberán sumarse os e as que se matriculen para o segundo cuadrimestre.

Nos campus xa se nota a presenza do alumnado internacional, que o pasado xoves participou nos actos de benvida en Vigo e Pontevedra e o venres en Ourense. Na primeira xornada informativa puideron coñecer a oferta de lecer, deportiva e cultural, así como as instalacións e servizos que teñen á súa disposición, como o Centro de Linguas, a Área de Nor-

malización Lingüística, o Gabinete Psicopedagóxico, a Biblioteca Universitaria, a Unidade de Igualdade, Voluntariado, etc.

En total son 463 estudantes, 158 mozos e 305 mozas, consolidando a maioría feminina que se ven dando nos últimos anos. Deles, 93 permanecerán na Universidade de Vigo durante todo o curso, mentres 351 optaron polo primeiro cuadrimestre, estando aberta actualmente a matrícula para o segundo. Atendendo a estes datos, semella que neste ano se podería superar a cifra global de 624 estudantes estranxeiros do curso pasado, que bateu o récord histórico da Universidade viguesa.

Italia segue a ser o país de procedencia maioritario, con 89 estudantes, seguido de Alemaña con 73, Francia con 44 e Polonia con 43. Atendendo aos programas de mobilidade, 337 estudantes chegan a Vigo cunha bolsa Erasmus, mentres os conve-

nios bilaterais da Universidade traen outros 92, aos que se unen o programa ISEP, Erasmus Prácticas, convenios específicos, etc.

No que se refire á distribución por campus, Vigo é o principal destino do estudiantado de mobilidade e acolle

**ESTE INICIO DE CURSO SON PRETO DE 80 ALUMNOS MÁIS CANDO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO PASADO**

371 mozos e mozas, mentres Pontevedra fai o propio con 51 e Ourense con 41. A Facultade de Filoloxía e Tradución repite como o centro máis internacional, recibindo 136 alumnos e alumnas, por diante da Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias,

que acolle a 88 e a Escola de Enxeñaría Industrial, a 55.

ACTO EN OURENSE

41 estudantes procedentes de once países. Estas son as cifras provisionais, xa que a matrícula para o segundo cuadrimestre non está pechada, de alumnado de intercambio que este curso académico realizará parte dos seus estudos nalgún dos centros do campus de Ourense. Aos 39 estudantes que xa están no campus de Ourense para cursar nel o primeiro cuadrimestre ou todo o curso académico, a Universidade de Vigo deulle o pasado venres a benvida.

No acto de recibimento o alumnado tivo a oportunidade de coñecer de man de responsables dos diferentes servizos, como Centro de Linguas, Cultura, Gabinete Psicopedagóxico, Área de Benestar, Saúde e Deporte e Biblioteca, a oferta académica e extra-académica.



**PISOS**

mercado inmobiliario

**CENTRO DE VIGO**



Habitación de alquiler en piso compartido en Vigo. Se alquila a estudiantes o jóvenes profesionales. Situada en la calle Gaivotas, al lado de la estación de autobuses, con lanzaderas directas a la universidad. Dispone de cocina amueblada, salón comedor, terraza y dos baños completos. El precio es de 195 euros más 55 de gastos.  
www.pisocompartido.com

**ALQUILER DE HABITACIÓN**



Se alquila habitación en piso compartido en la calle Coruña, en Vigo. El piso es exterior y está totalmente amueblado. Precio del alquiler de la habitación de 150 euros al mes. Los gastos se deberán abonar a parte y compartidos con el resto de los habitantes del piso.  
www.pisocompartido.com

**OFERTA EN OURENSE**

Se alquila piso a estudiantes, sólo chicas. Zona universitaria en Avda. de Buenos Aires, a 5 min. del campus. Quedan dos habitaciones libres totalmente amuebladas y exteriores con camas grandes. Derecho a cocina, salón comedor y baño. El piso está muy nuevo y es muy acogedor. Son 150€/mes (con comunidad incluida) más gastos de agua, luz y calefacción a repartir.  
www.pisocompartido.com

**PONTEVEDRA**

Se alquila habitación en piso compartido en el centro de Pontevedra. El piso está habitado por personas trabajadoras y tranquilas. Fundamental el respeto a los horarios de descanso y gente amable y tranquila. Precio: 180 euros al mes. Gastos: 50 euros.  
www.pisocompartido.com

**NOVIDADES**

Área de emprego e emprendemento

**PRÁCTICAS NO COMITÉ EUROPEO DAS REXIÓNS**

Requisitos para optar a estas prácticas retribuídas: ser nacional dun dos Estados Membros da Unión Europea ou dalgún dos Estados candidatos á adhesión. Ter completado polo menos un primeiro ciclo dun curso de educación superior e ter obtido unha titulación ao rematar o prazo de inscrición. Ter coñecementos avanzados nunha das linguas oficiais da Unión Europea e coñecementos medios dalgunha outra lingua de traballo (francés ou inglés). Prazo ata o 30 de setembro de 2018.

**INSCRICIÓN FINDE.U - FEIRA DE EMPREGO UNIVERSITARIO**

A Área de Emrego e Empréndemento en colaboración coas universidades de Oporto e Tras-Os-Montes organiza a Feira Internacional de Emrego Universitario Finde-U, que terá lugar os días 16 e 17 outubro (Oporto-Exponor) e 23 e 24 de outubro (Vigo-Ifevi). Se tes unha titulación universitaria ou es estudante de calquera universidade xa podes facer a túa inscrición e subir o teu CV ou perfil de LinkedIn en <https://www.findeu.org/ca/inscricions/estudantes-persoas-tituladas/>.

**BOLSAS DE FORMACIÓN**

Requisitos (entre outros) para bolsa de formación arquivística, documental e bibliotecaria do Senado: estar en posesión da Diplomatura/Licenciatura en Biblioteconomía e Documentación ou de Grao en Información e Documentación. Optarán tamén as persoas que postúan Licenciatura/Grao ou título de Mestrado universitario con estudos en materias arxivísticas, bibliotecarias ou documentais. Ter nacido con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1991. Prazo ata o 29/09/2018.

**TRANSPORTE GRATUÍTO FINDE.U**

A Área de Emrego e Empréndemento ofrece transporte gratuito dende os tres campus para asistir á Finde.U que terá lugar os días 16 e 17 outubro (Oporto-Exponor) e 23 e 24 de outubro (Vigo-Ifevi). Se es estudante ou egresado/a da Universidade de Vigo e queres que te levemos a calquera dos dous eventos xa podes reservar a túa praza. Máis información: <https://www.findeu.org/ca/feira-presencial/presentacion/>.

**VARIOS**

cursos e formación

**MEJORA TU AUTOESTIMA**

Curso online de 5 sesiones de una hora con actividades y atención personalizada con un psicopedagogo/a y educador/a social profesional Sesión 1: envío del temario y lectura Sesión 2: actividades prácticas Sesión 3: actividades prácticas Sesión 4: sesión con educador social Sesión 5: sesión con psicopedagogo Ref: 207587594  
www.milanuncios.com

**CLASES PARTICULARES**

Particular en Ourense-Capital imparte clases particulares a domicilio. Matemáticas y Estadística, todos los niveles. También materias curriculares de ESO y Bachillerato. Las clases son individuales y personalizadas. Amplia Experiencia. Económico. Contacto: Whatsapp: 610.38.25.89 (enviar un mensaje) o al email: [clasesadomicilio2014@hotmail.com](mailto:clasesadomicilio2014@hotmail.com)

**ENGLISH COFFEE**

Se atienden casos específicos de oposiciones u otros. Conversaciones de inglés en Ourense, en grupos muy pequeños, en una cafetería o bar, para que las personas puedan practicar pronunciación, fluidez, igualmente para las que tengan un buen nivel, pero muchos problemas o timidez a la hora de expresarse, es decir de hablar en dicho idioma. Una excelente forma de aprender de una manera informal y relajada. Ref: 249245133  
www.milanuncios.com

**VENTA DE SOLAR**

Particular de Vigo vende solar de mil metros cadrados en Marcosende (a menos de 500 metros do campus universitario de Vigo). Ideal para a construción dun gran chalet de aproximadamente 400 metros cadrados. Prezo: 86.000 euros. Teléfono de contacto: 600923007.

**OFERTAS DE EMPREGO**

[www.emprego.uvigo.es](http://www.emprego.uvigo.es)

**GUÍA EXPOSICIÓN**

OURENSE

Tituladas/os en Grao/Lic. en Bioloxía, Grao en Ciencias Ambientais ou Lic. en Física para atención aos visitantes dunha exposición itinerante do 19-10-2018 ao 29-11-2018. Imprescindible o idioma Galego e valorable o idioma inglés. Ofrécese contrato temporal de media xornada e 1.300 € mensuais. Prazo: Ata o 10 de outubro de 2018. Máis información: [emprego.uvigo.es](http://emprego.uvigo.es) (apartado "ofertas de emprego/bolsas").

**ADMINISTRATIVO/A**

VIGO

Recentemente titulados/as en Grao en Relaciones Laborais e Recursos Humanos ou en Dip. en Relaciones Laborais. Valorable nivel alto do paquete Office e en mecanización de datos. Ofrécese Bolsa Feuga remunerada de 6 meses a xornada completa coa posibilidade de permanencia na empresa. Prazo: Ata o 25 de setembro de 2018. Máis información: [emprego.uvigo.es](http://emprego.uvigo.es) (apartado "ofertas de emprego/bolsas").

**TÉCNICO/A CONTABLE FISCAL**

VIGO

Titulados/as en Grao/Lic. en Admín. e Dirección de Empresas, Grao en Comercio, Dip. en Ciencias Empresariais ou Lic. En Dereito, rama Econ.-Empresarial. Valorable Mestrado en materia fiscal e os coñecementos do programa A3. Contrato temporal 12 meses con posibilidades de volverse indefinido. Prazo: Ata o 30 de setembro de 2018. Máis información: [emprego.uvigo.es](http://emprego.uvigo.es) (apartado "ofertas de emprego/bolsas").

**PROGRAMADOR/A**

SAN CIBRAO DAS VIÑAS

Recentemente titulados/as ou a punto de rematar a carreira en Grao en Enx. de Tecnoloxías de Telecomunicación, Enx. de Telecomunicación, Grao/Enx. Informática, Grao en Enx. en Electrónica Industrial e Automática ou Enx. en Automática e Electrónica Industrial. Imprescindible inglés nivel B2. Ofrécese bolsa Feuga ou contrato temporal. Prazo: Ata o 26 de setembro de 2018.

**TA  
BO  
LEI  
RO  
UNI**

**DESEXAS PUBLICAR O TEU ANUNCIO? FAREMOLO SEN CUSTO. ENVÍANOS POR EMAIL O TEXTO E A FOTOGRAFÍA.**





NON TE PERDAS...

## CINE



### CUANDO LOS ÁNGELES DUERMEN

GONZALO BENDALA

Germán, un honrado padre de familia que conduce de regreso a casa, verá tambalearse su mundo cuando, en un accidente de carretera, su destino se cruza con el de dos chicas adolescentes, convirtiendo la noche en la peor de las pesadillas.

## LECTURA



### ESTA CHICA ES DIFERENTE

JOHNSON, J. J.

¿Es posible detener un alud? Soy una chica segura de mí misma. Me da igual lo que piensen de mí. Tampoco soy de las que se callan cuando algo no le gusta. ¿Por qué voy a cortarme en decir lo que pienso? Esa no soy yo.

## MÚSICA



### SWEETENER

ARIANA GRANDE

Sweetener es el cuarto álbum de Ariana Grande. Con el título quiere mostrar a sus seguidores que pueden salir victoriosos pese a las situaciones difíciles. Una obra que representa resistencia tras el ataque terrorista a la salida de un concierto que ofreció en Manchester.

## CONFERENCIA

# UNHA TERMINOLOXÍA COMÚN E COHERENTE QUE FAI POSIBLE APLICAR OS MESMOS ACTOS XURÍDICOS NOS ESTADOS DA UE

Máis de 2.300.000. Este é o número de páxinas que no ano 2017 se traduciron no Parlamento Europeo, o órgano da UE do que emanan leis que logo se traspoñen á lexislación de cada un dos 28 países que a integran e execútanse nas 24 linguas empregadas neses estados membros. "A tradución está presente en cada paso do proceso lexislativo na UE: desde o primeiro proxecto, que elaboran as e os expertos da Comisión, pasando por todas as negociacións entre os departamentos nacionais, o Consello e o Parlamento, ata o acto xurídico final, que se vota en cada parlamento nacional e logo se converte en "lei orixinal", explica Rodolfo Maslias, xefe de Coordinación Terminolóxica do Parlamento Europeo, que este martes ofreceu un relatorio na Facultade de Filoxía e Tradución, centrado na terminoloxía e tradución na institución europea e no que tamén se referiu á Inter-Active Ter-

RODOLFO MASLIAS  
Xefe de Coordinación Terminolóxica do Parlamento Europeo



minology for Europe (IATE), a ferramenta interinstitucional europea de xestión terminolóxica.

Na súa conferencia, organizada pola facultade e o grupo de investigación Bifega, Maslias incidiu na importancia da cooperación entre as institucións europeas no ámbito da terminoloxía, "unha cuestión moi importante para nós porque a lexislación común europea tradúcese en 24 idiomas e ten que ter unha concordancia absoluta e iso quere dicir que os textos traducidos son textos orixinais, leis

europeas, que se converten en leis nacionais", explica o xefe de Coordinación Terminolóxica do Parlamento Europeo. Con máis de 5.000 profesionais da tradución nunha decena de institucións, Maslias refírese á UE como "a máquina lingüística máis grande do mundo", unha estrutura na que se integra a dirección xeral da tradución formada por 24 unidades con 30 tradutoras e tradutores cada unha, que se ocupan da terminoloxía. "A nosa unidade, formada por 10 persoas, encárgase da coordinación do traballo dunha rede de 120 terminólogos nos 24 idiomas da UE e coordinamos o seu labor para meter a terminoloxía en IATE", unha base de datos con máis de 11 millóns de termos en 24 linguas, o que a converte no repositorio multilingüe máis grande do mundo, que cubre máis dun cento de ámbitos da lexislación europea, explicou Maslias nun ateigado salón de actos da facultade.

## VUELTA CICLISTA POR LA CIENCIA

# RUMBO A MADRID NA PROCURA DO RECOÑECEMENTO DO LABOR INVESTIGADOR

PERCORRERÁN 600 KILÓMETROS PARA INTRODUCIR O PENSAMENTO CIENTÍFICO NA SOCIEDADE

DUVI VIGO  
universitas@laregion.net

"Afortunadamente estamos a desbordar a resposta e estase a apuntar xente a última hora. Pecamos de inxenos e está a ter máis repercusión da que pensamos e iso é bo porque nos vale para mover a idea que queremos transmitir". Así valoraba o docente, investigador e responsable do grupo Divulgar da Universidade de Vigo, Luís Navarro antes de iniciar o que cualifica como "aventura", a resposta que a Vuelta Ciclista por la Ciencia está a ter entre a comunidade investigadora e os clubs ciclistas das cidades polas que, desde este pasado luns e ata mañá venres, discurrirá esta iniciativa, que ten o obxectivo de transmitir á sociedade o traballo que realizan as e os investigadores, así como introducir o pensamento científico na sociedade.

As nove e media da mañá desde a rúa Oporto de Vigo cinco investigadores do eido da ecoloxía, enfocados nos seus maillots de Divulgar: o propio Navarro e José María Sánchez, da Universidade de Vigo; Adrián Escudero, da Universidad Rey Juan Carlos; Fernando Valladares, do Museo Nacional de Ciencias Naturales, CSIC, e Pablo Vargas, do Real Jardín Botáni-

co de Madrid, CSIC) xunto a tres corredores de equipos ciclistas da cidade, tomaban a saída, rumbo a Santiago de Compostela, na primeira das cinco etapas que conforman esta volta ciclista que chegará á localidade madrileña de Móstoles mañá. Entre medias, os investigadores, acompañados por outras e outros compañeiros de profesión, cubrirán outras tres eta-

## CIENTÍFICOS E CORREDORES DE CLUBS CICLISTAS TOMARON A SAÍDA ESTE LUNS DESDE VIGO



Foto de familia dos corredores que este luns tomaron a saída en Vigo.

pas duns 120 quilómetros cada una, que unirán Santiago, Oviedo, León e Salamanca, onde, nas súas respectivas universidades, ofrecerán charlas sobre temas de actualidade en

bioloxía, como o cambio climático, a nova clasificación dos seres vivos, interaccións biolóxicas, divulgación da ciencia, biodiversidade e especies invasoras, o Antropoceno, microbios

ou solo. "Son temas de actualidade, como o cambio climático; as especies invasoras que é un tema moi importante e moi urxente; algo máis docente como a clasificación dos seres vivos que cambiou bastante. Todo o mundo pensa cousas que xa non se deben de aceptar nas escolas e todo iso queremos que chegue á sociedade e imos provocar ao alumnado para que se

anime a investigar que é un xeito moi bonito de ocupar a cabeza", asegura Pablo Vargas, investigador en Sistemática molecular de plantas vasculares do Real Jardín Botánico (CSIC).





## AXENDA

### XOVES 20

#### EMPREENDEMENTO

Pontevedra acolle desde hoxe e ata o 22 de setembro a quinta edición do Pont-Up Store, o espazo de emprendemento promovido pola Universidade de Vigo, a través do Campus Crea S2i, co Concello de Pontevedra como patrocinador principal.

### SÁBADO 22

#### WORDCAMP

O 22 e 23 de setembro a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación acollerá a celebración por primeira vez en Galicia dunha WordCamp. A actividade está organizada por voluntarias/os da comunidade de WordPress Pontevedra co apoio da organización Fundación WordPress.

### XOVES 27



#### CONFERENCIA

Regresa o ciclo de conferencias Café con Sal, organizado pola Ecimat. O protagonista será Alberto Gutiérrez Barral, estudante de doutoramento do grupo de Oceanografía Biolóxica, que impartirá o relatório "Response of bacterioplankton to anthropogenic nutrient enrichment in a dynamic coastal system: ría de Vigo".



Un intre da xuntanza, celebrada na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

## XUNTANZA

# VIGO ACOLLE A REUNIÓN DE LANZAMENTO DO PROXECTO EUROPEO SAFEWAY

### A UNIVERSIDADE SITUÁSE ASÍ "COMO REFERENTE NO ÁMBITO DA ENXEÑERÍA CIVIL"

DUVIL VIGO  
universitas@laregion.net

Trinta especialistas procedentes de oito países, España, Noruega, Suíza, Reino Unido, Holanda, Portugal, Italia e Polonia, participaron no campus na reunión de lanzamento de Safeway, o primeiro proxecto europeo que lidera a Universidade de Vigo dentro dos programas marco de innovación da Comisión Europea (Horizonte 2020 e FP7). Déronlles a benvida o reitor, Manuel Reigosa, e os dous investigadores responsables do proxecto, Belén Riveiro e Pedro Arias. "Como entidade coordinadora tivemos a oportunidade de celebrar aquí esta xuntanza o que permite situar a nosa Universidade como referente no ámbito da enxeñaría civil e, en particular, consolida

a importante actividade que os grupos de Xeotecnoloxías Aplicadas, Encomat e Tecnoloxías Enerxéticas vimos desenvolvendo neste ámbito nos últimos anos", salienta Belén Riveiro, coordinadora do proxecto.

Financiado con 4,5 millóns de euros, dos que 708 000 corresponden á institución académica vivesa, o gran obxectivo deste proxecto é crear un sistema europeo de xestión de infraestruturas capaz de deseñar, validar e establecer métodos, estratexias, ferramentas e intervencións técnicas para aumentar de xeito significativo a resistencia e a seguridade da rede de estradas e de infraestruturas ferroviarias ante circunstancias adversas ou eventos extremos, desde inundacións ata secas, incendios forestais, terremotos ou correntamentos de terra. Para seguilo teñen por diante 42 meses de

traballo, a data prevista de finalización é febreiro de 2022.

Nesta primeira xuntanza oficial, celebrada o pasado xoves e venres, as e os integrantes do proxecto abordaron diferentes aspectos, tanto ad-

ministrativos e financeiros, coma de implementación técnica. Así, o primeiro día, trala apertura e benvida por parte do reitor, na que ademais de felicitalos pola consecución do proxecto remarcou a importancia deste traballo para mellorar a rede europea de transporte público, comezou a revisión de aspectos administrativos e financeiros máis importantes. Encargouse desta tarefa o enxeñeiro español Sergio Escriba, responsable de proxectos de investigación do sector transportes dentro do programa H2020, na Innovation and Networks Executive Agency (INEA) da Comisión Europea. Tras esta primeira toma de contacto celebráronse diferentes sesións técnicas nas que as persoas participantes tiveron a oportunidade de discutir sobre a visión, metas e ámbitos do proxecto, para así, xa na xornada do venres, centrarse na implementación dos paquetes de traballo e máis nas áreas piloto nas que se pretende demostrar os resultados aos que se chegue co proxecto.

**NO ENCONTRO PARTICIPARON 30 ESPECIALISTAS PROCEDENTES DE OITO PAÍSES**

ministrativos e financeiros, coma de implementación técnica. Así, o primeiro día, trala apertura e benvida por parte do reitor, na que ademais de felicitalos pola consecución

### ANÁLISE DA ASOCIACIÓN ALEXANDER VON HUMBOLDT

## A CONTRIBUCIÓN DA UNIVERSIDADE O ESTUDO DO MEDIO MARIÑO

DUVIL VIGO

Co obxectivo de articular un foro de discusión de alto nivel científico para afondar sobre a ciencia e o mar desde punto de vista interdisciplinar, estudando como o medio mariño contribúe a sostiñibilidade e desenvolvemento, os pasados venres e sábado celebrouse en Vigo os XXVIII Encuentros Humbolt. Organizados pola Asociación Alexander Von Humboldt en España, coa cola-

boración do Consello Social da Universidade de Vigo, a Xunta de Galicia e Zona Franca, os encontros nos que se afondou na contribución das universidades á análise do medio mariño, comezaron cunha conferencia inaugural a cargo da presidenta do CSIC, Rosa Menéndez, que reivindicou as achegas do centro que dirixe ás ciencias do mar. Nunha intervención con moitas referencias ao traballo desenvolvido polo Instituto de Investigación Marina de Vigo,

Menéndez referiuse aos feitos máis destacados da historia das ciencias mariñas en España, ao tempo que repasou os datos máis salientables da actividade do CSIC no ámbito mariño. A presidenta do Centro Superior de Investigaciones Científicas tamén se referiu na súa intervención o traslado do centro de Vigo á ETEA, asegurando que "espero que o próximo ano selance o proxecto e a principios de 2023 ou finais de 2022 podamos inaugurar o novo edificio".



Os pasados venres e sábado celebráronse en Vigo os XXVIII Encuentros Humbolt.





A xornada desenvolverase na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

## XORNADA CIENTÍFICA DA REDE FRILNET

# OS EFECTOS DA ACTIVIDADE FÍSICA NA POBOACIÓN MAIOR, A ESTUDO

CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE ACOLLE O 28 DE SETEMBRO ESTE EVENTO

DUVI.PONTEVEDRA  
universitas@laregion.net

O concepto de fragilidade, a definición das persoas maiores fráxiles como aquelas "que poden ver reducido o seu nivel de independencia nunha porcentaxe ampla nun curto período do tempo", constitúe o eixo central do traballo investigador de Frailnet, unha rede integrada por cinco grupos das tres universidades galegas que o venres 28 de setembro celebrará as súas segundas xornadas na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Xornadas que, baixo a coordinación do investigador principal do grupo HealthyFit, José María Cancela, porán o foco na incidencia que a actividade física pode ter no combate dese deterioro, "tanto físico como cognitivo", que poden sufrir as persoas maio-

res integradas nese concepto de "poboación fráxil".

"Trátase dun concepto moi novidoso, fálase dun síndrome de fragili-

**O ACTO, PROMOVIDO  
POLO GRUPO  
HEALTHYFIT, CONTA  
CON INSCRIPCIÓN  
GRATUÍTA**

dade cando determinados elementos físicos ou cognitivos poden involucrar moi rapidamente, o que repercute na independencia do suxeito", sinala Cancela do eixo de traballo dunha rede que conta co financiamento da Axencia Galega de Innovación da Xun-

ta de Galicia. Así, en lugar de ter como campo de traballo a poboación maior en xeral, a idea de fragilidade lévalles a centrar as súas investigacións naquelas e naquelas maiores con maior risco de sufrir este deterioro co propósito de definir novos programas de intervención "que permitan que non siga involucrando e que se manteña no borde desa fragilidade", sinala Cancela.

Os grupos de investigación en Xerontoloxía da Universidade da Coruña e o Instituto de Investigación Biomédica da Coruña, en Diagnóstico Conductual e Molecular Aplicado á Saúde, tamén da UDC, os grupos de investigación en Neurociencia Cognitiva Aplicada e Psicoxerontoloxía e en Dependencia e Xerontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, xunto co grupo Healthyfit, son os cinco socios fundadores dunha rede que completan diferentes colaboradores externos

e ten entre as súas actividades a organización dunhas xornadas anuais centradas "nas diferentes áreas temáticas da fragilidade". Así, se en 2017, Frailnet centrou esta análise na cognición nunha xornada desenvolvida na USC, este ano o foco de análise porase nos efectos da actividade física sobre a poboación fráxil.

"O que se pretende con estas xornadas é incidir na importancia da actividade física controlada na poboación maior que é fráxil, a idea é dar a coñecer as diferentes liñas de actuación, as investigacións que se están desenvolvendo, o que hai que mellorar...", engade Cancela dunhas xornadas que conta con inscrición gratuíta e que busca tamén servir aos e ás profesionais do traballo con persoas maiores, xa que "vanse ver programas que xa se están desenvolvendo e que efectos teñen".

## CADA MES UN LIBRO, ANÍMASTE? CON RESEÑAS 2018

A CARGO DA BIBLIOTECA DE TORRECEDEIRA

DUVI.VIGO

Arranca un novo curso e con el xurden tamén novas actividades na axenda universitaria. Entre as novidades deste ano destaca a denominada "Reseñas 2018", unha iniciativa impulsada polo persoal da Biblioteca de Torrecedeira coa idea de crear un espazo de lectura, pensamento e reflexión aberto a toda a comunidade universitaria.

Cada mes proporán un libro de lectura e, arredor disto, toda unha serie de actividades coas que espertar a curiosidade e a inquietude por temas de actualidade, investigación ou cultura e, ao tempo, difundir os fondos da biblioteca.

Para inaugurar esta serie de reseñas elixiron o libro "La corrosión del carácter: las consecuencias personales del trabajo en el nuevo capitalismo (2013)",



Impulsores da iniciativa.

escrito polo sociólogo Richard Sennett (Chicago, 1943) e no que se afonda nas consecuencias persoais do traballo no novo capitalismo. É a opción elixida para o este mes de setembro, pero en carteira teñen xa novos títulos para outubro, novembro e decembro.

## BREVES

# COLABORACIÓN DA UVIGO CON ENTIDADES COLOMBIANAS

DUVI.VIGO

Mobilidade de estudantes, PDI e PAS; prácticas en empresas; proxectos de cooperación educativa, pero tamén nos ámbitos do desenvolvemento, a cooperación, a igualdade de xénero e responsabilidade social. Estes son algúns dos eidos nos que a Universidade de Vigo podería establecer, segundo a directora da Área de Internacionalización, Laura Movilla, colaboracións coas sete universidades colombianas

do departamento de Caldas, que conforman a alianza SUMA, e nas que estudan uns 40.000 alumnos e alumnas. Unha delegación integrada por representantes políticos e empresariais dos departamentos de Caldas e Risalda, coñecido como o Eixo Cafeteiro, mantiveron recentemente no campus de Vigo un encontro no que, ademais de coas universidades da alianza SUMA, tamén se abriu a porta á colaboración co mundo empresarial da rexión colombiana.



Un intre da reunión.

# FESTIVAL NOVOS CINEMAS

DUVI. PONTEVEDRA

As paisaxes da contorna do río Lérez, pero tamén a memoria, a concepción do espazo como un "contedor de historias", son os puntos de partida desdés que cineasta Eloy Enciso levará a dez estudantes do campus a crear unha serie de curtmetraxas que en decembro se exhibirán no Teatro Principal, dentro da programación do Festival Novos Cinemas. Promovido pola Vicerreitoría do campus

xunto co festival e inserido no programa formativo de Novos Cinemas, o obradoiro "Un camiño posible", para o que foron seleccionados dez alumnos e alumnas de CCSS e da Comunicación e Belas Artes e que o pasado venres celebrou a súa primeira sesión, dá continuidade aos talleres coordinados polos directores Lois Patiño e Oliver Laxe e que tiveron tamén na contorna do Lérez o punto de partida para a creación de pezas audiovisuais estreadas neste festival.





Iago Fontoira, xunto a Gonzalo Chocano, conselleiro delegado de Ahorro Corporación Financiera.

PROXECTOS DE FUTURO

# BELAS ARTES TRIUNFA NUN CERTAME NACIONAL

## FONTOIRA OBTIVO I PREMIO TALENTO ARTÍSTICO AHORRO CORPORACIÓN FINANCIERA-IBERLENDING

DUVI. PONTEVEDRA  
universitas@laregion.net

Un total de 81 obras de titulados e tituladas de 13 universidades españolas concorreron á primeira edición do Premio Talento Artístico Ahorro Corporación Financiera-Iberlending, un certame ao que podían concorrer obras xurdidas como traballos de fin de grao e fin de carreira de alumnado de Belas Artes de toda España e no que triunfaron dous proxectos defendidos na facultade do campus pontevedrés. O espazo apropiado, obra que constitúe o traballo de fin de grao de Iago Fontoira foi a seleccionada polo xurado deste certame como gañadora dun primeiro premio que conta cunha dotación económica de 6.000 euros e ao que se sumaron dous accésit, cunha dotación de 3.000 euros, outorgados a Paloma Peña e ao

tamén egresado da Facultade de Belas Artes Diego del Río pola súa obra Vaxholm.

Un total de 19 obras, das 81 que con-

### O TAMÉN EGRESADO DO CAMPUS DE PONTEVEDRA DIEGO DEL RÍO OBTIVO UN DOS ACCÉSIT

correron a este certame, foran previamente seleccionadas para a exposición que na tarde do pasado xoves se inaugurou na sala de exposicións Alcolea de Madrid, onde tivo lugar tamén a entrega de premios. "É unha grande oportunidade e recoñecemento nada

máis saír da Universidade", recoñece Fontoira dun galardón que lle achega tanto "unha alegría tremenda e un orgullo por ser o primeiro premio", como a "responsabilidade e medo de saber estar a altura", e ao que suma a posibilidade de expor o seu traballo unha mostra que poderá visitarse ata o 23 deste mes. "Foi unha sensación moi bonita a da exposición, onde puíden explicarlle á xente de que trababa a obra e o que me levaba a facela", sinala dainauguración da exposición na que recitou o poema que xa acompañara á presentación na facultade do seu TFG, no que tivo como titores a Susana Cendán e Nono Bandera. O positivo de dar a coñecer o traballo é tamén un dos aspectos salientados polo seu compañeiro de promoción Diego del Río, que incide "que non se trataba só de optar a un premio desta contía, senón que o feito de expor en Madrid xa é moi importante".

## Exposición

DUVI.PONTEVEDRA

"Por que non pintades coas vos cadeiras de rodas?". Esta foi a proposta que Ester Gandía e Yoshimar Tello trasladaron en 2015 aos usuarios e usuarias do centro de Amencer-Aspace en Pontevedra no inicio dun taller inserido no programa de voluntariado que Belas Artes desenvolve con diferentes colectivos. A idea dos por aquel entón estudantes da facultade foi tamén o punto de partida de "El arte de nuestras huellas", a exposición comisariada pola profesora e coordinadora deste programa de voluntariado, Loreto Blanco, que reúne na sede da Fundación Barrié na Coruña unha serie de obras pictóricas creadas polos usuarios e usuarias deste centro valéndose das súas cadeiras de rodas como ferramentas para a creación.

"O primeiro cadro que pintamos coas nosas cadeiras marcou un antes e un despois para todos nós", salientan desde Amencer-Aspace no texto de presentación dunha exposición integrada por dous cadros de grandes dimensións, Cruzando charcos e El arte de nuestras huellas, xunto con tres pezas de medio tamaño; Radar embotellado, El rastro del soplo e Constelación multicolor, "cuxos títulos dan pistas sobre as técnicas utilizadas", e unha serie de 13 obras de pequeno formato que forman parte dunha serie denominada Huellas. Todas elas, obras realizadas polos usuarios e usuarias do centro no que Amencer-Aspace presta asistencia a persoas con parálise cerebral e trastornos neuromotores diversos en Pontevedra valéndose das súas cadeiras e de diferentes adaptacións.

A experiencia co volunta-

riado de Belas Artes foi tamén o punto de partida dun taller de pintura a cargo da monitora do centro Rosa Domínguez que "segue evolucionando día a día", segundo explica Amencer-Aspace, desde onde destacan que "a cadeira e as súas rodas manchadas de pintura pasaron a ser a metáfora de moitas cousas para Amencer e máis en concreto para os mozos que acoden ao seu centro



de día de Campolongo". Unha liña de traballo na que contaron tamén co asesoramento de Loreto Blanco, que explica que "a partires desas experiencias estivemos vendo novas posibilidades de traballar coa roda e eles continuaron desenvolvendo ferramentas a partir do que os alumnos lles amosaron", á vez que destaca a "forza de cor e materia" e as "imaxes de gran fluidez" marcadas por "grandes contrastes de cor e xestos", que os usuarios e usuarias de Amencer achegaron á exposición que o pasado xoves 17 inauguraban xunto á directora da Fundación Barrié, Carmen Arias, e a xerente de Amencer-Aspace, Mónica Touriño, e que poderá visitarse ata o 7 de outubro.

"Este camiño a través da arte ensinounos a dar un valor especial ás capacidades desde a discapacidade", salienta Touriño dunha iniciativa na que "a pintura coa cadeira recórdanos que cada un vai trazando o seu camiño á vez que vai deixando unha pegada na dos demais".

QUINTO PONT-UP STORE

# MULLER EMPRENDEDORA E TECNOLOXÍA CENTRAN O ENCONTRO

DUVI. PONTEVEDRA

Máis de 40 actividades, entre coloquios, encontros ou obradoiros, que contarán coa participación de máis de 100 expertos e expertas, integran o programa da quinta edición do Pont-Up Store, o espazo de emprendemento impulsado pola Universidade de Vigo, no marco do Campus Crea S2i, co Concello de Pontevedra como patrocinador principal. Un ano máis, o evento terá como punto cen-

tral a carpa que se instalará na praza de España, onde 45 empresas darán a coñecer os seus produtos e servizos e onde terán lugar diferentes actividades. "A tecnoloxía e a visualización da muller como emprendedora" son neste 2018 os dous eixos do programa xurdido da colaboración de diferentes entidades e colectivos, como salientou o seu director, o profesor Pedro Figueroa, na presentación que este xoves tivo lugar no Concello.

Xunto a estas temáticas, a econo-

mía social ou os videoxogos como "un dos nichos máis importantes de novos empregos e emprendementos", así como a incorporación de Google como colaborador, constitúen outros dos aspectos salientados do programa que Figueroa presentou xunto ao vicerreitor do campus, Jorge Soto, a concelleira de Cultura, Carme Fouces, e o deputado de Innovación e Promoción Económica da Deputación de Pontevedra, Javier Dios.



Foto de familia de organizadores e patrocinadores do Pont-Up Store.

L.R.






## BREVES

### 13 DÍAS POR DIANTE PARA APRENDER A COMUNICAR MELLOR NA AULA

Aprender, de man de especialistas, a cooidar a voz e os contidos do discurso para acadar unha comunicación máis eficaz. Con este obxectivo arrancou este luns na Facultade de Ciencias da Educación do campus de Ourense o curso de extensión universitaria "Educación da voz e do discurso. Pedagogía para unha comunicación eficaz".

A cita foi inaugurada por Esther de Blas, vicerreitora do campus de Ourense, e polos seus coordinadores, Santiago Pato e Tania Cid, da Asociación Universitaria, Pedagóxica e Cultural Educere. Nas súas palabras, Esther de Blas subliñou a importancia do cooidado da voz e do discurso especialmente no caso de futuras e futuros docentes, polo que animou ás e aos participantes a sacar o maior proveito posible a esta formación. Pola súa banda Santiago Pato destacou o éxito dun curso, que acadou a súa cuarta edición enchendo as súas 50 prazas dispoñibles e atraendo non só a membros da comunidade universitaria senón tamén a persoas alleas a ela.

"A programación desta edición dá continuidade á de anteriores, tratando, sempre desde un punto de vista moi didáctico e práctico, dous aspectos fundamentais de cara ao discurso", explicou Santiago Pato.



Laura Rodríguez, autora da tese.

### TESE DE LAURA RODRÍGUEZ

## CIRCULACIÓN OCEÁNICA DE LARVAS, ANGUÍAS E LAGOSTAS

### TAMÉN ANALIZA AS CORRENTES NA PLATAFORMA CONTINENTAL DE TEXAS-LUISIANA

DUVI. OURENSE  
universitas@laregion.net

O estudo do transporte de partículas no océano e o seu patrón de dispersión a través de simulación numérica usando un modelo lagrangiano. Este foi o obxectivo da tese de doutoramento da física do Grupo Environmental Physics Laboratory (Ephyslab) da Universidade de Vigo Laura Rodríguez. Nela describiu, empregando ferramentas informáticas, o percorrido oceánico tanto de larvas, anguía europea e lagosta espiñosa como das correntes na plataforma continental de Texas-Luisiana.

Rodríguez Díaz presentou a súa tese na Facultade de Ciencias do cam-

pus de Ourense baixo o título "A particle tracking model to analyze transport in ocean" e coa dirección de Ramón Gómez Gesteira e Francisco José Santos. Segundo explica a investigadora, o seu traballo centrouse en abordar diferentes exemplos de interese sobre a circulación oceánica, que é o movemento a nivel global das masas de auga nas concas oceánicas, fenómeno que permite redistribuír a calor desde o ecuador ás rexións polares e que transporta todo tipo de materias ata practicamente calquera rexión do planeta, desde lixo mariño ata organismos como nutrientes ou larvas.

Na investigación empregou un modelo lagrangiano de simulacións, que se caracteriza por usar un grupo

de partículas virtuais para obter as traxectorias que seguirían no océano ao ser arrastradas polas correntes. Concretamente aplicou este modelo para determinar cambios na probabilidade de cruzar o Atlántico Norte durante o período 1899-2010 para as larvas cunha vida larval superior a un ano; para determinar se é posible obter con modelos numéricos tempos de migración da anguía europea e para analizar a conectividade entre as poboacións da lagosta espiñosa no océano Índico durante o período 1958-2008. O cuarto caso de aplicación foi a análise das correntes na rexión da plataforma continental de Texas-Luisiana influenciada pola pluma dos ríos Atchafalaya e Mississippi.

## PROGRAMA "DE ALTURA" PARA CELEBRAR O PATRÓN DE AERONÁUTICA

### O 23 DE SETEMBRO É O DÍA PROPIO DA CONMEMORACIÓN

DUVI. OURENSE

Cando no curso académico 2016/2017 abriu as súas portas a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo no campus de Ourense unha das tarefas que acometeu o alumnado da súa primeira promoción foi elixir un patrón para o centro. Por votación, o personaxe escollido foi o aviador Joaquín Loriga Taboada e o día o 23 de setembro. Para a súa celebración este ano, centro e alumnado desenvolverá unha ampla programación do 19 de setembro ao 1 de outubro.

A programación, explican as e os seus promotores, segue a liña aberta o pasado curso de organizar tanto actividades formativas como lúdicas, aínda que nesta ocasión ampliando o abano de actividades. Dado que o día 23 de setembro é



Formella, García e Ardao

este ano domingo, o día festivo do centro trasládase ao día 21. "As actividades de San Aero, que é como lle chamamos nós de xeito máis publicitario ao patrón, estarán abertas a todo o alumnado e profesorado do campus, non só ao do centro", explican Raquel Ardao e Cristina García, dúas das persoas que participan na organización.

## INSTITUCIONAL

## O NOVO CONSELLO DE CAMPUS ARRANCA A SÚA ACTIVIDADE

DUVI. OURENSE

O pasado mércores celebrouse a sesión extraordinaria de constitución e a primeira sesión ordinaria do Consello de Campus de Ourense tras eleccións a reitoría e claustro celebradas o pasado 23 de abril. As sesións estiveron presididas por Manuel Reigosa, reitor da Universidade de Vigo, quen destacou ao seu remate o "ambiente excelente" no que se celebrou este primeiro encontro cos representantes dos diferentes colectivos e centros do campus ourensán.

A actividade comezou coa consti-

tución do órgano de representación do campus. Compoñen o novo Consello de Campus de Ourense Manuel Reigosa, no cargo de presidente; Esther de Blas, vicerreitora do campus de Ourense, e as e os responsables dos sete centros propios do campus, como son Arno Formella, Francisco Javier Rodríguez, Gil Garrote, Mar García, Elena Rivo, Marta Fernández e Susana Reboreda. Representando ao sector PDI están Pedro Araújo, Beatriz Cancho, Pedro Cuesta, Mónica Siota e Alberto Vaquero; ao sector PAS Filemón Rivas e Remedios Lameiro e ao alumnado Ana Cambón.

Trala celebración da sesión extraordinaria de constitución, tivo lugar a primeira sesión ordinaria deste órgano, que se prolongou durante máis de dúas horas e á que tamén asistiu o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade da Universidade de Vigo, José Luis Míguez. Na sesión, o reitor informou de temas de interese para o campus, produciuse a elección de representantes nas comisións delegadas do Consello de Campus e houbo unha quenda de rogos e preguntas na que os representantes da comunidade universitaria presentes trasladaron ao reitor un amplo abano de cuestións.



Imaxe de parte dos seus membros antes da constitución.



MIVERS!

## AXENDA

## QUINCE DÍAS DE BALDE PARA ANIMAR Á PRÁCTICA DEPORTIVA

Estes días e ata o 29 de setembro os membros da comunidade universitaria que se acheguen ás instalacións deportivas dos tres campus da UVigo, isto é ás salas cardio fitness e tamén as actividades dirixidas, poderán acceder de balde a todas as propostas ofertadas.

## HOXE CONMEMÓRASE O DÍA INTERNACIONAL DO DEPORTE UNIVERSITARIO

Co obxectivo de reafirmar a importancia do deporte na universidade e o papel das universidades para o seu desenvolvemento, hoxe conmemórase o Día Internacional do Deporte Universitario. A Universidade de Vigo, desde a Área de Benestar, Saúde e Deporte súmase a esta conmemoración e anima á práctica deportiva.

## PROMOCIÓN A NIVEL EUROPEO DA PRÁCTICA DEPORTIVA HABITUAL

Do 23 ao 30 de setembro, conmemórase unha nova edición da Semana Europea do Deporte. Desde a Área de Deportes da Universidade de Vigo ofrecen estes días acceso gratuito ás instalacións e actividades deportivas para a comunidade universitaria e o vindeiro xoves, 27 de setembro, ás 19.00 horas, o pavillón universitario de Vigo acollerá de balde unha actividade de defensa persoal.

## LIGAS UNIVERSITARIAS

## ESPÍRITO MUVER!

## O OUTONO TAMÉN É PERFECTO PARA GOZAR DOS DEPORTES ACUÁTICOS

## OITO ACTIVIDADES REPÁRTENSE ESTA EDICIÓ DE AUGAVENTURÁ CAMPUS MAR

CRISTINA R. VIGO  
universitas@lregion.net

A Área de Benestar, Saúde e Deporte organiza unha nova edición de Augaventura Campus Mar Outono 2018, un completo programa de deportes acuáticos coorganizado con Campus do Mar. Nesta ocasión as propostas son oito e se ben o punto en común é que se realizan na auga e que todas son apaixonantes, a selección inclúe propostas ben diferenciadas para chegar a todos os gustos.

Destinado a membros das comunidade universitaria da Universidade de Vigo e tamén persoas alleas á entidade académica, o programa deste outono inclúe Flyboard, Paddlesurf, Descenso de Rápidos, Ruta Illa de San Simón (que inclúe kaiak, andaina e snorkel), Bautismo surf, Wakeboard, Windsurf e Mergullo.

Todas as persoas interesadas en participar nalgunha das propostas, deberán facer unha primeira preinscrición a través da web [deporxest.uvigo.es](http://deporxest.uvigo.es). No intre ao que se chegue ao número mínimo de persoas necesario para conformar o grupo, as persoas preinscricidas recibirán un correo electrónico para poder nese intre confirmar a súa reserva e facer o pagamento nun prazo máximo de 48 horas. O pagamento tamén se realizará en liña na mesma plataforma.

## DATAS E INSCRICIÓNS

Flyboard e Paddlesurf serán as primeiras actividades que se presentan do programa. A primeira ofrece dous grupos, un o 29 de setembro no Club Náutico Raxó, e o outro o 20 de outubro no Liceo Marítimo de Bouzas. O



Carta do programa Augaventura Outono 2018.

primeiro grupo deberá formalizar a inscrición antes do 25 de setembro e o segundo antes do 10 de outubro. No caso do paddlesurf o prazo de inscrición está pechado e as persoas inscricidas participarán nesta actividade os días 29 de setembro e o 27 de outubro. Os venres 5 e 19 de outubro son as datas escollidas para o rafting, unha actividade de dificultade media que se celebrará no río Miño á altura de Arbo. Todas as persoas interesadas deberán inscribirse antes do 25 de setembro, no caso de querer participar co primeiro grupo, e antes do 8 de outubro para ir na segunda data programada. Unha das actividades máis completas e agardadas é a Ruta Illa San Simón, que inclúe

Kaiak, andaina e snorkel. Esta actividade ten unha soa data, o sábado 6 de outubro e para elo haberá que inscribirse antes do 25 de setembro.

A praia de Patos, en Nigrán, acollerá a actividade Bautismo Surf en dous grupos, un o día 7 de outubro e outro o 21 de outubro. As inscricións deberán realizarse antes do 27 de setembro e do 10 de outubro, respectivamente. Wakeboard será outra das actividades deste programa que se dividirá en dous grupos, o primeiro no Club Náutico de Moaña; o segundo no Liceo Marítimo de Bouzas os días 30 de setembro e 28 de outubro respectivamente. A actividade de Windsurf presenta unha única data, o día 16 de outubro no Liceo Marí-

mo de Bouzas. Para participar nesta actividade deberase formalizar a inscrición antes do 5 de outubro. Por último, a novidade desta edición é a actividade de Mergullo. A piscina universitaria do Campus de Vigo e illas Cies acollerán esta actividade. Será os xoves 11 e 18 de outubro na piscina e os días 20 e 27 de outubro as saídas ao mar.

Todas as actividades misturan deporte, aventura e convivencia e desde a Área de Deportes animan a todo o mundo a probar calquera delas xa que será unha experiencia única.

Área de Benestar, Saúde e Deporte  
Universidade de Vigo

A ÁREA DE DEPORTES PROMOVE ESTE PROGRAMA COORGANIZADO POR CAMPUS MAR

## O DEPORTE COLECTIVO SEGUE EN AUXE NOS TRES CAMPUS DA UVIGO

## LA REGIÓN. OURENSE

Coñecer xente que comparta os mesmos gustos deportivos, realizar actividade física e adquirir valores como o traballo en equipo e compañeirismo son algunhas das vantaxes das Ligas Universitarias que cada ano programa a Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo. Dirixido aos membros da comunidade universitaria, este programa permite a creación de equipos para competir ao longo do curso nas modalidades de baloncesto mixto, balonmán mixto, fútbol sala feminino, fútbol sala masculino, fútbol 7 mixto, rugby mixto e voleibol mixto.

## AS PERSOAS INTERESADAS EN ALGUNHAS DAS MODALIDADES OFERTADAS PODEN INSCRIBIRSE NA PLATAFORMA DE PORXEST

As persoas interesadas en algunha das propostas xa poden realizar a inscrición ata o 30 de setembro, no Campus de Vigo; e ata o 15 de outubro, en Pontevedra e Ourense, en todos os casos a través da plataforma [deporxest](http://deporxest).

Haberá dúas fases, a primeira a de-

nominada fase previa por campus e a segunda a Final Intercampus, onde os gañadores da fase previa de cada campus enfrontaranse entre si.

A fase previa contará un ano máis cun elevado número de participantes, en torno a 2.000 persoas pertencentes a 150 equipos conformarán o global das Ligas Universitarias que cada ano contan con boa aceptación, especialmente o fútbol sala masculino e fútbol 7, modalidades máis demandadas.

Por segundo ano consecutivo, os arbitaxes das Ligas Universitarias dos tres campus realizaranse grazas aos convenios coas distintas federacións.



Carta desta edición das Ligas Universitarias.

Área de Benestar, Saúde e Deporte  
Universidade de Vigo

ESPÍRITO MUVER!  
MIVERS!